

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO/DECEMBRO
2016

vigocultura

Programación municipal de artes escénicas

Vivimos nunha cidade fermosa

**PÚBLICO
ADULTO**

FAMILIAR

TEATRO

TEATRO

DANZA

DANZA

MÚSICA

MÚSICA

CIRCO

**CONCELLO
DE VIGO**



PÚBLICO ADULTO

- ▼ **TEATRO. LISTO PARA SENTENZA**
6 de outubro. Compañía: Triatreros
- ▼ **TEATRO. GET BACK**
7 e 8 de outubro. Compañía: Eme2 emoción&arte
- ▼ **TEATRO. BU21**
13 de outubro. Compañía: Avento Producións
- ▼ **TEATRO. AUTORRETRATO DE UN JOVEN CAPITALISTA ESPAÑOL**
14 de outubro. Compañía: Teatro del Barrio
- ▼ **MÚSICA. KEPA JUNKERA & SORGINAK, TRIKITIXAREN HISTORIA TXIKI BAT**
21 de outubro. Grupo: Kepa Junkera & Sorginak
- ▼ **TEATRO. PENEV**
28 de outubro. Compañía: La Teta Calva
- ▼ **TEATRO. EDIPO**
4 de novembro. Compañía: Companhia do Chapitô
- ▼ **DANZA. LEIXAPREM, NON ME VEÑAS CON CANTIGAS**
11 de novembro. Compañía: A Artística
- ▼ **TEATRO. OTOLLEITO DE INISHMAAN**
18 de novembro. Compañía: Contraproducións
- ▼ **TEATRO. NOITEBOA**
25 de novembro. Compañía: Redrum Teatro
- ▼ **TEATRO. OS VELLAS NON DEBEN NAMORARSE**
2 de decembro. Compañía: Teatro do Morcego

FAMILIAR

- ▼ **TEATRO. MOBY DICK**
6 de novembro. Compañía: Teatro Gorakada
- ▼ **DANZA. ALE-HOP**
13 de novembro. Compañía: As Driadas
- ▼ **CIRCO. AL TUN TUN**
20 de novembro. Compañía: Teatre Mòbil
- ▼ **MÚSICA. INVENCIÓN**
27 de novembro. Compañía: Odaiko
- ▼ **TEATRO. PEQUEÑA MAX**
4 de decembro. Compañía: Arena en los Bolsillos
- ▼ **TEATRO. CHEFS**
11 de decembro. Compañía: Yllana
- ▼ **TEATRO. LAS TRES REINAS MAGAS**
18 de decembro. Compañía: Grupo Expression

Xoves 6
outubro
21h

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO



LISTO PARA SENTENZA



- . **Compañía:** Triatreros
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autor:** Sergio Macías
- . **Dirección e adaptación:** Sergio Macías e Davide González
- . **Dramaturxia:** Davide González
- . **Escenografía, deseño de son e deseño iluminación:** Laura Iturralde
- . **Vestuario:** Elvira Fernández
- . **Música:** Triatreros
- . **Elenco artístico:** Martín Martínez, Omar Ferrín, Tone Martínez e Bea Campos



PÚBLICO
ADULTO



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

España. Futuro próximo.

Mariano Soutelo é un respectado home de negocios, propietario do Grupo Petrogal e de varias empresas líderes en diversos sectores. Soutelo é considerado pola revista “Forbes” un dos homes máis ricos do mundo. Un exemplo dun home feito a si mesmo, de como a partir dun golpe de sorte, o achado dun xacemento petrolífero na horta familiar, construíu o lucrativo conxunto empresarial máis importante de Europa.

O nome do empresario foi relacionado con algúns dos casos de corrupción máis relevantes do país sen que tivese que render contas coa xustiza. Ata o momento...

Pero, quen é realmente Mariano Soutelo?

Listo para sentenza non é un relato histórico, senón unha comedia sarcástica que podería ter acontecido... ou, quen sabe? Quizais aconteceu e aínda non o descubrimos.

GET BACK

- . **Compañía:** Eme2 emoción&arte
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autor e adaptación:** Diego Ameixeiras
- . **Dirección:** Jorge Coira
- . **Escenografía:** Suso Montero
- . **Deseño de son e música:** Anxo Graña
- . **Deseño iluminación:** Afonso Castro
- . **Vestuario:** Mari Seoane
- . **Elenco artístico:** Afonso Agra, Mercedes Castro, Federico Pérez, Miguel Guido e Tamara Canosa



**PÚBLICO
ADULTO**



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Son cinco e van nun vagón de metro. Son cinco e teñen moitas cousas en común. Pero eles non o saben. Aínda. Saben que van no mesmo vagón de metro. Saben de onde veñen, pero ningún está moi seguro de cara a onde vai. Son xente normal e están en Londres. Se son normais e están en Londres é que probablemente sexan emigrantes. Están no metro e como non poden mirar as paredes, miran para o móbil que vai cuspindo algunhas novidades do lugar do que proceden. Que vas facer esta semana? Xa reservaches o voo para Nadal? Sabes que detiveron a aquel rapaz que estudara contigo en Santiago? O fillo do carnicero non quere seguir co negocio. Cousas normais, de xente normal que se deixa mover polo meneo normal do metro. Pero o metro detense. Para en ningures porque queda atorado no medio do túnel e pode ser unha avaría, un atentado, unha folga ou todas as cousas á vez. E quedan os cinco. *Get Back* mirando para ó mobil e logo mirando para eles sucesivamente. O metro para e comezan os problemas.

**TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO**

**Venres 7
Sábado 8
outubro
21h**



Xoves 13
outubro
21h

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO



BU21



- . **Compañía:** Avento Produccións
- . **Xénero:** teatro drama
- . **Autor:** Stuart Slade
- . **Tradución:** Andrea Abreu, Suso Moinhos e Xoán Abreu
- . **Dirección:** Xoán Abreu
- . **Elenco artístico:** Antela Cid, Fernanda Barrio, Rocío Salgado, Machi Salgado, Martín Máez e Fran Peleteiro



PÚBLICO
ADULTO



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

BU21 fai un seguimento as secuelas deixadas por un ataque terrorista no centro de Londres a un grupo de persoas. Seis persoas novas que, inesperadamente, vense obrigadas a afrontar o horror, convertidas en vítimas do que sempre pensaron que lles era alleo.

Por momentos terrorífica, emotiva, brutal, demoledora, inspiradora e hilarante. Teatro textual como espello do tempo presente.


A obra estrouse en Londres en maio do 2016 nunha produción de Kuleshov Theatre Company baixo a dirección de Dan Pick.

AUTORRETRATO DE UN JOVEN CAPITALISTA ESPAÑOL

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO

Venres 14
outubro
21h

- . **Compañía:** Teatro del Barrio
- . **Xénero:** teatro contemporáneo
- . **Autor, dirección e elenco:** Alberto San Juan



PÚBLICO
ADULTO



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Eu son capitalista. Teño conta nun banco que especula con alimentos. Teño un seguro médico privado. Teño a luz contratada cunha empresa que lles rouba aos seus clientes porque o seu obxectivo é o máximo beneficio. Cando traballo cobro o soldo máis alto que poida procurar, sen preocuparme de cal é o salario e o resto das condicións laborais dos meus compañeiros. Podo axudar economicamente un amigo, pero nunca as costas de rebaixar o meu nivel de vida. Quero preservar a miña fama, a miña cotización comercial, as miñas propiedades. A sociedade na que vivo é inxusta ata a crueldade. Gustaríame que cambiase, pero non estou disposto a perder no intento aquilo que logrei acumular. Estou a falar moi en serio.

Venres 21
outubro
21h

MÚSICA
-
PÚBLICO
ADULTO

KEPA JUNKERA & SORGINAK, TRIKITIXAREN HISTORIA TXIKI BAT



. **Compañía:** Kepa Junkera & Sorginak

. **Xénero:** música tradicional



TODOS OS
PÚBLICOS



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

En 2015 Kepa Junkera cumpriu 35 anos nos escenarios tocando a trikitixa. Neste proxecto explica o que é para él a esencia da súa música: arin arin, martxas, fandangos... Unha pequena historia da trikitixa que é unha viaxe emocional a través da música en xeral e das vivencias persoais de Junkera; unha homenaxe particular á trikitixa que conta coa colaboración das componentes de Sorginak.

PENEV



- . Recomendado pola Rede Nacional de Teatros
- . Premio ao mellor espectáculo de Teatro na Feira Internacional de Teatro e danza de Huesca 2015
- . Premio do xurado Escenía na XIII Mostra de Teatro Novell, Foios (Valencia) 2015

- . **Compañía:** La Teta Calva
- . **Xénero:** teatro contemporáneo
- . **Autor:** Xavo Giménez
- . **Dirección:** Xavo Giménez e Toni Agustí
- . **Axudante de dirección:** Carlos Amador
- . **Produción:** La Teta Calva
- . **Deseño iluminación:** Martín Crespo
- . **Elenco artístico:** Xavo Giménez e Carles Sanjaime



**PÚBLICO
ADULTO**



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

**TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO**

**Venres 28
outubro
21h**



Penev é unha obra sobre persoas de segunda man, usadas, cansas. Sobre as almas en troco. Un álbum de cromos sen terminar é como quedar segundo. Un pensa que o vai conseguir pero non é así. En Penev fálase do pasado idolatrado, dun guateque, de Los Spotniks, de Fraçoise Hardy, dunha beirarrúa, de Penev, de Arias, de Belodeduci... Fálase de fútbol e de teatro. Toni Agustí e Xavo Giménez adican un sereo berro aos siareiros e á platea; Ola fondo norte! Un cántico desesperado á afección para que levante os ánimos dun equipo cheo de frustracións.

Venres 4
novembro
21h

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO



EDIPO



. Recomendado pola Rede Nacional de Teatros
. Recomendado por SEREA (Rede Vasca de Teatros)
. Premio dos Amigos do "Festival Don Quijote" de París 2014
. Premio do Público do "TeatroAgosto – Festival Internacional de Teatro ao Ar Livre" Fundação 2015

- . **Compañía:** Companhia do Chapitô
- . **Xénero:** teatro xestual / comedia
- . **Autor:** Sófocles
- . **Adaptación:** creación colectiva
- . **Dirección:** John Mowat
- . **Dirección artística:** José Carlos García
- . **Asistente de dirección:** Andréa Padilha
- . **Deseño iluminación:** Samuel Rodrigues
- . **Elenco artístico:** Jorge Cruz, Nádia Santos e Tiago Viegas



+12 ANOS



DURACIÓN



PREZO

Todo o mundo coñece o mito de Edipo. Fillo de Layo e de Yocasta -Reis de Tebas-, foi abandonado ao nacer no monte Citerón debido ás predicións do oráculo, que afirmou que o fillo mataría o pai e casaría coa nai. O neno foi recollido por uns pastores, que o levaron á Corte de Pólipo, Rei de Corintio. Xa adulto, consultou co Oráculo de Delfos, porque dubidaba sobre a súa auténtica orixe, e este recomendoulle que se afastara da súa patria. Edipo inicia a súa viaxe na procura dun destino inexorable no que será protagonista de parricidio, incesto, duelos con monstros, plagas e outras lindezas similares: rumbo ao exilio, cruzouse con Layo (a quen non coñecía), discutiron e asesinouno. Unha vez en Tebas, resolveu sen dificultade os enigmas que se formulou a Esfinxe. Os tebanos, agradecidos, concedéronlle por esposa á viuva Yocasta (a súa nai). Cando a crúa verdade saíu á luz, Yocasta aforcouse, Edipo sacou os seus propios ollos e terminou os seus días en Colono, cidade á que foi levado pola súa filla Antígona. E toda esta terrible historia contada desde a hilaridade absoluta, ao estilo da Companhia do Chapitô.

MOBY DICK

TEATRO
-
FAMILIAR

Domingo 6
novembro
18h

- . **Compañía:** Teatro Gorakada
- . **Xénero:** teatro monicreques
- . **Autor:** Julio Salvatierra
- . **Dirección:** José Carlos García
- . **Escenografía:** Javi Tirado
- . **Deseño son e música:** Fran Lasuen
- . **Deseño iluminación:** Javi Ulla
- . **Vestuario:** Ikerne Jiménez
- . **Elenco artístico:** Aritza Rodríguez, José Cruz Gurrutxaga, Eriz Alberdi, Fran Lasuen e Unai Laso



+6 ANOS




IDIOMA



DURACIÓN



PREZO




Moby Dick é un espectáculo no que se pretende atisbar a inmensidade desta obra mestra da literatura universal. Un xogo no que a imaxinación é a aliada para recrear mares, cachalotes, personaxes e aventuras presentes na obra e todo materializado na mente da e do espectador grazas á utilización dos elementos escénicos, o ritmo, o humor, a música, o traballo dos actores e actrices e, sobre todo, as palabras de Melville.



. Recomendado pola Rede Nacional de Teatros
. Premio do Público XXXIII Encuentros de Teatro Vasco. Azpeitia 2015
. Premio FETEN 2016 á mellor dirección
. Finalista ao Premio MAX 2016 ao Mellor Espectáculo Infantil

Venres 11
novembro
21h

DANZA
-
PÚBLICO
ADULTO



LEIXAPREM, NON ME VEÑAS CON CANTIGAS



- . **Compañía:** A Artística
- . **Xénero:** teatro-danza contemporánea
- . **Autor:** colectiva a partir das cantigas de Martín Codax
- . **Dirección, deseño de son e coreografía:** Olga Cameselle
- . **Adaptación:** Gena Baamonde
- . **Escenografía e música:** A Artística
- . **Deseño iluminación:** Artística
- . **Elenco artístico:** Alfredo Rodríguez, Diego Buceta, Laura Iturralde e Manu Polo



PÚBLICO
ADULTO



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Tecer unha sorte de reciclaxe vital, un resituarse na impermanencia, no anonimato; retomar a ese gran descoñecido, Martín Codax, personaxe nomeado aínda que anónimo.

Quen veu sendo? Xogamos coa estrutura das súas cantigas de amigo, leixaprem.

Tomámolo como referencia do noso propio espazo xeográfico, Vigo.

Artellamos as nosas cuestións sobre este momento, oficio, xénero.

Teatralizámonos agora danzando, agora virtualmente, agora cantando, agora...

Máis ca reflexionar procuramos facer un exercicio irreflexivo, rendíndonos á propia obsolescencia contemporánea, rendíndonos á impermanencia.

Así levándonos polo mar "salido", polo mar "levado", imos converténdonos neses círculos que xorden na auga logo de botar nela un crollo. Xa se sabe que todo círculo precisa un cerne.

ALE-HOP

DANZA
-
FAMILIAR

Domingo 13
novembro
18h

- . **Compañía:** As Driadas
- . **Xénero:** danza hip-hop
- . **Autor, dirección, adaptación e coreografía:** Estefanía Gómez e Alba Fernández
- . **Escenografía, deseño de son, deseño de iluminación e vestuario:** As Driadas
- . **Música:** Collage
- . **Elenco artístico:** Alba Fernández e Estefanía Gómez



+5 ANOS



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO



O desexo de bailar está nalgues na nosa mente, coma os soños. Que é realidade e que é ficción? ALE-HOP é un espectáculo de danza moderna, hip hop e teatro no que os soños se fan realidade e a realidade se fai soño. Bailas con nós?

Venres 18
novembro
21h

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO



O TOLLEITO DE INISHMAAN

- . **Compañía:** Contraproducións
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autor:** Martin McDonagh
- . **Dirección e adaptación:** Cándido Pazó
- . **Escenografía e vestuario:** Carlos Alonso
- . **Deseño de son e música:** Guillermo Fernández
- . **Deseño iluminación:** Afonso Castro
- . **Elenco artístico:** Santi Romay, Susana Dans, Ana Santos, Evaristo Calvo, María Roja, Marcos Pereiro, Ricardo de Barreiro e Luis Iglesia



PÚBLICO
ADULTO



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosas, pintorescas, características... Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente isolado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre elas un tolleito, un ser desfavorecido que ten unha arela que para el semella extremadamente difícil: transcender ese ámbito pechado que está obrigado a habitar; un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.

Un espectáculo de gran formato no que o público se sentirá atrapado polo humor e a ternura dun teatro tan entrañable, tan noso, como o irlandés.

AL TUN TUN



Premio Mellor Espectáculo da Mostra de Igualada 2013

CIRCO
-
FAMILIAR

Domingo 20
novembro
18h

- . **Compañía:** Teatre Mòbil
- . **Xénero:** teatro-circo comedia
- . **Autor:** Marc Fonts, Atilà Puig, Jordi Girabal e Marcel Gros
- . **Adaptación:** Marcel Gros
- . **Escenografía:** Txema Rico
- . **Deseño de son e iluminación:** Pep María Martínez
- . **Vestuario:** Teatre Mòbil
- . **Música:** VV.AA.
- . **Elenco artístico:** Marc Fonts, Jordi Girabal e Atilà Puig



+5 ANOS



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO



Al tun tun
ou un mundo onde todo é posible
un espazo propio onde nada é o que parece
e onde todo é un xogo
un mundo á medida de Teatre Mòbil

Unha escaleira, un atril, un restaurante, unha rodaxe de cine, unha lenda irlandesa...
No seu mundo, estes tres comediantes farannos viaxar con imaxes e situacións inauditas.
Un abano de sorpresas que aparecerán ao longo dun espectáculo divertido, cargado dun humor exquisito, absurdo, e cun surrealismo delicioso que vos deixará boquiabertos.

Venres 25
novembro
21h

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO



NOITEBOA

- . **Compañía:** Redrum Teatro
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autor:** Alex Sampayo e Borja F. Caamaño
- . **Dirección:** Alex Sampayo
- . **Escenografía:** Suso Montero
- . **Deseño de son:** David Machado
- . **Deseño iluminación:** Carlos Álvarez-Ossorio
- . **Vestuario:** Redrum Teatro
- . **Elenco artístico:** Ernesto Chao, Mela Casal e Guillermo Carbajo



PÚBLICO
ADULTO



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Chega o Nadal a Compostela e con el os agasallos, as panxoliñas, as ceas en familia e o xa tradicional rapto do Neno Xesús na raza do Obradorio.

Ninguén debería cear só en Noiteboa e por iso Mariví fará todo o posible para que durante unhas horas, Arturo, Nico e máis ela, sexan unha familia de verdade.



Premio María Casares 2016 á Mellor
Actriz Protagonista (Mela Casal)

INVENCIÓN

MÚSICA
-
FAMILIAR

Domingo 27
novembro
18h

- . **Compañía:** Odaiko
- . **Xénero:** música



+4 ANOS



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Divertida proposta didáctica dirixida a un público familiar no que, a complicidade será a ferramenta para que o público goce dunha maxistral clase de inxenio.

Odaiko móstranos aparellos super novidosos e virtuosas composicións feitas por eles mesmos, e que, xunto cunha sorprendente posta en escena, e o humor retranqueiro, farán deste, outro éxito asegurado.

Venres 2
decembro
21h

TEATRO
-
PÚBLICO
ADULTO



OS VELLÓS NON DEBEN NAMORARSE

- . **Compañía:** Teatro do Morcego
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autor:** Castelao
- . **Dirección:** Celso Parada
- . **Escenografía:** Leandro Lamas
- . **Vestuario:** Carlos Alonso
- . **Iluminación:** Daviv Deive
- . **Elenco artístico:** Josi Lage, Tatán, Miguel Borines, Mundo Villalustre, Mónica Camaño, Andrés Giráldez, Celso Parada, Celia González, Elina Luaces, María Veiga, Branca Francés e Rosa Estévez



+15 ANOS



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO

Os amores de tres vellos imprudentes, D. Santurio, D. Ramón e o señor Fuco, que teñen a desgraza de poñer os seus ollos na mocidade garrida de tres rapazas novas: Lela, Micaela e Pimpinela. Como consecuencia desa imprudencia, os tres rematan morrendo. D. Santurio envelenado cun solimán da propia botica, D. Ramón, que por un bico entrega a alma deitado no esterco, e o vinculeiro señor Fuco que remata por casar coa namorada e morrendo de felicidade.



Commemoración do Ano
Castelao das Artes



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



ARCO
CASTELÃO

PEQUEÑA MAX



Espectáculo para bebés.
Aforo limitado

- . **Compañía:** Arena en los Bolsillos
- . **Xénero:** teatro monicreques
- . **Autor:** Jokín Oregi e Elisa Vargas
- . **Dirección:** Jokín Oregi
- . **Escenografía:** Iker Pérez
- . **Deseño son e música:** Mariano Lozano
- . **Deseño iluminación:** Juan Felipe Tomatierra
- . **Vestuario:** Ariel García e Araceli Morales
- . **Coreografía:** Omar Meza
- . **Elenco artístico:** Ana María Montero



+1 ANO



IDIOMA



DURACIÓN



5€
Unha persoa
adulta + un bebé
en escenario



3€
Resto de
acompañantes en
patio de butacas
(visibilidade reducida)

**TEATRO
-
FAMILIAR**

**Domingo 4
de decembro
12h e 18h**



“Cando o universo das persoas adultas se fixo incompreensible, un pequeno mundo creceu no meu interior. Eu fixeno real, a miña imaxinación fixo o resto. Até aquel día en que apareciches ti, especial, único, invisible”. Pequena Max fala da marabillosa capacidade dos nenos e nenas de crear e recrear mundos inventados e amizades imaxinadas, onde todo é posible, sen fronteira entre o real e o imaxinario, e a valentía que supón ser “diferente” nesta sociedade. Baixo o apaixonante estudo da figura do amigo imaxinario, o espectáculo ábrenos a porta a un mundo interior. Somos convidados a un ensaio de vida, un refuxio ocupado por dous amigos que se acompañan na descuberta das súas emocións. A liberdade de verse reflectido nun espello onde poder ser outro sen deixar de ser un mesmo. Puro teatro.

Domingo 11
decembro

TEATRO
-
FAMILIAR



CHEFS



18 horas (sesión familiar)
20,30 horas (sesión gollfa)

- . **Compañía:** Yllana
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autor, dirección e coreografía:** Yllana
- . **Escenografía:** Gonzalo Gatica e Scenik Movil
- . **Deseño de son:** Jorge Moreno
- . **Deseño iluminación:** Miguel Angel García Rosa
- . **Vestuario:** Gabriela Salaverri
- . **Elenco artístico:** César Maroto, Susana Cortés, Rubén Hernández e Carlos Álvarez “Jano”



+6 ANOS



DURACIÓN



Hasta 12
anos



Maiores de
12 anos

Chefs é unha mirada divertida sobre o fascinante mundo da gastronomía. A historia céntrase nun chef de gran prestixio que perdeu a inspiración e que ten que confiar nun disparatado equipo de cocifeiros para crear unha receita espectacular e novidosa e así manter as estrelas do seu restaurante. Asemade facemos un percorrido por distintas facetas do mundo da cociña, como a nosa relación cos alimentos que inxerimos, os animais que nos alimentan, as diferentes cociñas e sabores do mundo.

Veremos os egos, a competición entre estes “cocifeiros estrela” e todo o que con moito gusto vai caendo na pota do humor de Yllana.

LAS TRES REINAS MAGAS

TEATRO
-
FAMILIAR

Domingo 18
de decembro
12h e 18h

- . **Compañía:** Grupo Expression
- . **Xénero:** teatro comedia
- . **Autora:** Gloria Fuertes
- . **Dirección musical:** Miguel Tubía
- . **Dirección:** María Briones
- . **Escenografía:** Grupo Expresión
- . **Diseño iluminación:** Jose Montes
- . **Vestuario:** Agatha Ruiz de la Prada
- . **Elenco artístico:** María Briones, Lydia Ruiz e Emma Barrena



+3 ANOS



IDIOMA



DURACIÓN



PREZO



As tres raíñas magas, Melchora, Gaspara e Baltasara, emprenden o camiño cara a Belén para levarlle ao neno os seus presentes e pregarlle que as axude a repartir os regalos para todas e todos os nenos e nenas do mundo.

Son simpáticas, valentes e divertidas; son moi distintas entre sí, pero grandes amigas e compañeiras de viaxe. Tiveron que substituír os seus homes, Gaspar, Melchor e Baltasar, pois eles están na guerra e elas só desexan a paz. Comen, beben, rifan, bailan, cantan, recitan versos e finalmente, seguindo a estrela, chegan ao neno.

Unha comedia tenra e alegre da gran escritora Gloria Fuertes.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO



- 1.** O despacho de billetes do Auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. Comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala. Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2.** As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3.** As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4.** As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5. TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6.** Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7.** A organización informa nos programas editados para a difusión de cada programación as idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8.** Ao entrar no recinto, o público, consonte a Lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
- 9.** Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou grabadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

VENTA DE ENTRADAS



AS ENTRADAS PODERÁN ADQUIRIRSE ANTICIPADAMENTE

(sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes)

- A través da páxina **web de Ataquilla**
- No teléfono **902504500**
- Na **Central de Espectáculos** (Velázquez Moreno 26)
Horario: De 10 a 13 e de 17 a 20h de luns a venres / De 10 a 13h os sábados
- Na **Sede de Afundación** (Policarpo Sanz 26)
Horario: De 10 a 13 e de 17 a 20:30h de luns a venres / De 10 a 13h os sábados
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no **despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas disponibles)

ABONOS

(só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio)

-ABONO Á CARTA 5

Elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun **15 % de desconto sobre o prezo total**.

-ABONO Á CARTA 10

Elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun **25 % de desconto sobre o prezo total**.



INFORMACIÓN:

Teléfonos: Desde Vigo: 010 / Desde móbil ou fóra de Vigo: 986810260

Horario: De 8 a 20 horas de luns a venres / De 10 a 14 horas os sábados



www.vigocultura.org



Vigocultura



@Vigo_cultura



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

**CONCELLO
DE VIGO**



Vivimos nunha cidade fermosa